

5/2020. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 27 MAIO DE 2020.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día 27 de maio do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, celebrada a porta pechada, a fin de garantir as condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, debido a situación do estado de alarma, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. Genaro Prieto Iglesias Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DA SESIÓN ANTERIORES REALIZADAS O DÍA 26.02.2020 (3/2020) E 09/03/2020 (04/2020)

Sr. Alcalde (que traducido di): O primeiro punto, pasamos ao primeiro punto, que é a aprobación da acta do 26.02.2020 e a do día 09.03.2020. Empezamos votando a 3/2020, do 26.02.2020, votos a favor, abstencións? Todos a favor, vale. E...votamos agora a acta do día 09.03.2020, votos a favor, unanimidade.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación ás actas das sesións que de seguido se relacionan:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 26.02.2020 (3/2020).
- Acta da sesión extraordinaria realizada o día 09.03.2020 (04/2020)

2.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 6/2020.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, seguimos ao segundo punto, que é o recoñecemento extraxudicial de crédito 6/2020. Ten a palabra o delegado de facenda.

Sr. Mahía Prados: Boas tardes, srs. Concelleiros. O recoñecemento extraxudicial de crédito nº 6 que vén hoxe a aprobarse a Pleno vén ditaminado da comisión de Facenda e...e bueno é un recoñecemento extraxudicial de crédito para facer fronte a pagos de en torno a 45.000,00, 46.000,00 € e é do ano 2019.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, vamos abrir un turno de palabras, palabras? Bueno, pois se non hai palabras pasamos á votación, votos a favor? Abstencións?

Rematadas as intervencións, sométese a votación a aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito 6/2020, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá de data 15.05.2020, o informe emitido pola Intervención Municipal de data 15.05.2020, e o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá de data 20.05.2020, obrantes no expediente, por 11 votos a favor (5 PP, 3 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e 1 abstención (1 BNG), **ACORDA:**

Primeiro.- Levantar o reparo formulado pola intervención de acordo co informe que obra no expediente, e en base ás consideracións indicadas na parte expositiva da presente proposta, e que afecta a relación contable de facturas F/2020/22 que comezan co número de rexistro contable 2019/2319 a nome de WOLTERS KLUWER ESPAÑA, S.A., por importe de 2.772,70 euros e remata co número de rexistro contable de factura 2020/775 a nome de DORY PEOPLE HEAL THCARE, S.L. por importe de 181,50 euros.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 6/2020 por importe bruto total de 44.770,20 euros. Os gastos correspondentes están incluídos na relación contable de facturas F/2020/22, e imputaríanse aos créditos das partidas do orzamento vixente.

Terceiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e recoñecer as obrigas correspondentes a exercicios anteriores, derivadas das facturas que se relacionan no expediente, e incluídas na relación contable de facturas F/2020/22, e que comeza co número de rexistro contable 2019/2319 a nome de WOLTERS KLUWER ESPAÑA, S.A. por importe de 2.772,70 euros, e remata co número de rexistro contable de facturas 2020/775 a nome de DORY PEOPLE HEAL THCARE, S.L., por importe de 181,50 euros, sendo o importe bruto total de 44.770,20 euros.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

3.- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN SOBRE CONCRECIÓN DUNHA SOLUCIÓN PARA OS PROBLEMAS DE SEGURIDADE VIAL NO CRUCE DA AC-130 COAS RÚAS O CRISTO E CASÁS.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada pola voceira do Grupo Municipal de EU-SON EN COMÚN sobre a concreción dunha solución para os problemas de seguridade vial no cruce da AC-130 coas Rúas O Cristo e Casás, e o Concello Pleno, por 4 votos a favor (3 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG) e 8 votos en contra (5 PP e 3 PSOE), acorda rexeitar a devandita moción.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Vale, pasamos ao punto terceiro, moción da Voceira do Grupo Municipal EU-SON EN COMÚN, sobre a concreción dunha solución para os problemas de seguridade vial no cruce da AC-130 coas rúas O Cristo e Casás. Ten a palabra o poñente da moción.

Sra. Díaz Otero: Bueno, boas tardes a todos e a todas, e non me vou a referir na súa extensión a exposición de motivos, creo que é de todos coñecido, porque esta solución xa se presentara nas alegacións ao proxecto de senda peonil Mugar dos-Ares en agosto do 2016, obtendo unha resposta por parte da Xunta de Galicia de non admisión de esta proposta de modificación do Proxecto. Bueno, posteriormente, como todos sabemos a via pasou a.. por fin a titularidade municipal en decembro do ano 2019, e polo tanto, creo que é unha demanda non só da comunidade educativa, pero si con forza da comunidade educativa, dado que a creación dos aparcadoiros non solventou os problemas existentes nese cruce, entre O Cristo, Casás e a Rúa Os Corzás, e que polo tanto, se retome por parte do goberno municipal a concreción dunha solución para os problemas da seguridade vial que hai en ese cruce, incluíndo o estudio a integración do trazado dunha pequena rotonda, non tendo porque ser esta a conclusión final do estudio.

Sr. Alcalde: (Que traducido di): Bueno pois abrimos un turno, palabras? Si Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, boa tarde a todos e a todas, nós dicir que naquel momento cando se presentaron as alegacións ao proxecto que tiña a Xunta de Galicia, xa naquel momento, votamos a favor da alegación de facer alí... solucionar os problemas de seguridade vial, entendíamos que o máis acaído era facer unha pequena rotonda e entón, bueno, é certo que as obras leváronse a cabo e non se contemplou esta posibilidade, como ben di a poñente da moción, pois é certo que é unha demanda de non só a comunidade educativa senón tamén da veciñanza, polo tanto imos votar a favor.

Sr. Alcalde (Que traducido di): José Angel..

Sr. Martínez Bardanca (Que traducido di): Bueno, Boas tardes, nós como xa comentamos na, na.. comisión, na xunta de portavoces, non tiñamos información de que se solicitara nalgún momento nin vimos ningún tipo de proxecto, si efectivamente, comentounos a poñente da moción que había..., se había feito unhas alegacións a un proxecto, pero o non admitirse non hai tal proxecto, e... nós pedimos en agosto ou setembro do ano pasado que se fíxese unha, unhas actuacións en toda a, en todas as.... non só no colexio senón en toda a rúa dos Corzás, porque é unha rúa que pasara a titularidade municipal e pois as condicións non eran as máis adecuadas, tendo en conta que é a rúa que sube o colexio, que é un cruce de moito tráfico cara Mahía e cara a... xente que leva os nenos a escola e fomos testemuñas o ano pasado de moitos accidentes: varios accidentes de tráfico, atropelo, etc., entón xa presentamos nese momento unha... un escrito de necesidade, non, era necesario realizar actuacións na zona, pois para poder e...darlle seguridade, non tivemos nunca resposta por parte do goberno, despois volvemos a solicitalo en outubro, creo que en novembro o fíxemos a través do pleno, creo que unha pregunta, díxosenos que se ía a facer unha rotonda, si, de esta forma, vaise facer unha rotonda, cousa que non foi nunca a ningunha comisión, non temos polo tanto máis coñecemento, entón nós vamos a votar en contra, o que si reiteramos e reiteraremos cando teñamos a oportunidade de que se faga a... se tomen as medidas de seguridade necesarias e se en algún momento vai a unha comisión a través dun proxecto e consensuado, nós estaremos

totalmente de acordo que se faga unha rotonda ou dúas, incluso unha no cruce e outra no aparcamento que tamén sería unha posibilidade.

Sr. Alcalde: Miguel...

Sr. Mahía Prados: Si, eu neste primeiro turno soamente teño unha... unha pregunta. Visto o expediente deste asunto e se me pode responder a poñente que é cal foi o motivo da desestimación da alegación que se presentou ó proxecto.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Bueno pois abrimos un segundo turno, se solicita, abrimos un segundo turno, palabras? Pediche a palabra Pilar, perdón, si?

Sra. Díaz Otero: Si

Sr. Alcalde: Pilar...

Sra. Díaz Otero: Bueno, e... o certo é que a moción non viña para ser acción de polémica, senón para instar a avanzar nuns traballos que se iniciaron no ano 2016 e que dende aquela tivo moito..., tivo moito recorrido, tivo moito recorrido dicía ó principio, no sentido de que, primeiro en agosto do 2016 fixéronse unhas... unhas alegacións, unhas alegacións que non só contemplaban a rotonda, a posibilidade de rotonda nunca como unha alternativa pechada para cruzar Cristo-Casás, senón que tamén plantexaba o ancho de beirarrúas na rúa dos Corzás a 2,5 mts., dado que a Xunta no seu proxecto inicial ía facer unha actuación aí para o reparado e restauración de esa beirarrúa que despois posteriormente desbotou na execución do... do proxecto, o mesmo ademais que se fixo unha alegación para que o ensanchamento das Lagoas se fixese tal e cal viña reflexado na modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado do ano 2015. Esta alegación obrigou, como todo mundo coñece, posteriormente ó Concello a compra de terreos en novembro de 2018 para poder executar a actuación que hoxe mesmo está conforme ao Plan Xeral en vigor. E... como dicía anteriormente, a titularidade do vial saíu publicado no DOGA do 21 de novembro do 2018 dende o P.K. 0 ata o P.K. 600 co cal recolle a práctica totalidade dos dous cruces e dos problemas máis importantes que tiña de tráfico e que ten ese vial para o Concello de Mugarbos, e no expediente, o digo pola intervención do portavoz do Partido Popular, é algo que tivo acceso o Grupo Popular igual que o resto de grupos municipais presentes na Corporación, que non variaron neste momento, do 7 de marzo do 2017, no que a Xunta resposta a alegación presentada e na súa resposta segunda: cruzamento da AC-130 coas rúas Cristo e Casás P.K. 0+2020 poden encontrar vostedes a razón, pero en todo caso as razóns que dá a Xunta posteriormente, creo recordar que a Xunta tamén modificou o seu proxecto orixinal renunciando á expropiación que ía facer no vial do Cristo xunto co cruce dos Corzás por entender que non daba resposta ao que eles plantexaban de visibilidade, non melloraba a seguridade vial, e polo tanto, creo que esta resposta que dá a Xunta, que a vou a ler integramente, aínda que creo que non é preciso para que o Concello poida facer este proxecto nunha vía de titularidade municipal para mellorar esa seguridade vial que todo mundo recoñece, como dixen antes, non só á comunidade educativa, senón o conxunto da poboación. Di: Comprobose a intersección existente e se se expón o proxecto unha actuación para mellorar a visibilidade na saída... saída da rúa O Cristo, actuación que, como digo quedou descartada por

parte da Xunta, aínda que está contemplada no proxecto, que é a que presenta maior problemática, ademais os problemas de concentración de vehículos veranse reducidas pola execución do aparcadoiro contemplado no proxecto. Iso é o que di a resposta por parte da Xunta e como digo está no expediente do 7 de marzo do 2017 con entrada de rexistro neste Concello. O que íamos a plantexar, o vou a dicir antes de que sexa a segunda intervención dos grupos municipais, é vou a ler o acordo novamente: “Instar ao goberno municipal a concretar unha solución para os problemas de seguridade vial no cruce da AC-130 coas rúas O Cristo e Casás, incluíndo o estudo de integrar no trazado unha pequena rotonda”, polo tanto, o que demanda esta moción é que se inicien os traballos para ese estudo no concreto, e que polo tanto se poidan ver as distintas alternativas, estudio que obviamente e se así o decide o goberno municipal, pasará por comisión para o seu debate e aprobación, se así o decide tamén o goberno municipal.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Miguel..

Sr. Mahía Prados: Ben, eu en primeiro lugar agradézolle que dea resposta a esta pregunta máis que nada porque nós vimos hoxe o expediente e non temos a resposta. Dentro do expediente non está dentro a resposta que dou a Xunta e eu agradézolle que a dera agora. Entón como non... para explicar un pouco cal era a situación deste expediente o día 29 de agosto se... hai un ditame da xunta de voceiros na cal acorda presentar estas alegacións a, bueno á Consellería de Infraestruturas, se presentan o día 29 de agosto á Axencia Galega de Infraestruturas no Edificio Administrativo de San Caetano, trátase dun informe que teño aquí diante e vou a ler textualmente o que di este informe, que ten 5 follas, acerca de esta proposta e é que segundo e... aínda que no proxecto de mellora da AC 130 dende a rúa do Cristo considerase necesario o análise en profundidade de este cruce para acadar unha solución que garanta a diminución do número de accidentes que se producen no mesmo, entendendo que unha posible solución sería integrar unha pequena rotonda para reorganizar o tráfico de esa zona, unha das posibles solucións que non é, insisto, a solución, é unha alegación que se fai e unha das solucións que se propón. Dentro de este, de esta exposición de motivos, así como di o propio informe, falase dunha análise en profundidade, e... eu descoñezo cal é esa análise en profundidade, porque dentro do propio informe que fai a enxeñeira en cuestión, enxeñeira industrial que fai unha alegación a un tema de mobilidade urbanístico, descoñezo se ten competencia para iso, pero nesta alegación que ela fai fala de... de a colocación de esa rotonda, entón como non estaba no expediente a... o motivo das alegacións, puxémonos en contacto coa propia Xunta para que... para escarvar acerca de esa.. da posibilidade de facer aí esa rotonda, entón claro, a nós comunicáronnos que o día, e teño aquí apuntado, 28 de setembro e... pola entón alcaldesa Pilar Díaz Otero, solicitou unha reunión co... co Director da Axencia de Infraestruturas, e parece ser que nesa reunión pois acordouse certas cesións, certas melloras, certas cousas que non pasaron por ningunha comisión, que fixo a Xunta, da que os grupos daquel entón na oposición descoñeciamos por completo, entón nós creemos que, obviamente que mellorar a accesibilidade e a seguridade nesa, nese punto, non sabemos se é con unha rotonda ou igual con redutores de velocidade, o descoñecemos, pero dende logo o que nos parece e que esta idea está moi verde e é un proxecto que fala vostede da súa alegación que ten 5 folios, e vaia por diante que nós non estamos en contra da mellora da seguridade do vial nese punto, vaia por diante, pero acabamos de aprobar un sexto REC, aprobámoslle para pagar facturas do ano 2019, se está elaborando uns orzamentos para pagar as débedas que aínda se

deben e fálolle por exemplo de 300.000 € o Concello de Ares, entón empezar a gastar en proxectos, empezar a gastar nunha serie de medidas que non sabemos aínda se son viables, e insisto, o tema da rotonda teñen que decidilo os expertos, nós avaliáremolo no futuro, pero agora mesmo coa pouca información que hai nese expediente, vostede dou esa data, analizarémola, pero agora mesmo é inviable apoiar este tipo de moción.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Bueno pois acabado o turno de intervencións, pasamos a.. a votar este... Como? Perdón, si, si, perdón

Sra. Díaz Otero: Bueno, xa que fixo referencia ao REC, non, quixen intervir porque, aínda que se fala así no seu conxunto de facturas do 19, é obvio que hai facturas do 2019 e facturas do 2019 que corresponden a este goberno municipal na actualidade, como as da Tapería A Plaza e outras facturas, entón bueno pois non quero entrar, creo que hai que distinguir, distinguir cando estamos falando do REC, con esas dúas facturas de gastos orixinados por este goberno que están con reparo suspensivo por parte de intervención, por non estar contratados segundo a Lei, pero creo que non estamos nese punto, estamos no punto da moción e, si son dúas, están no informe. Creo que a moción non plantexa a execución da actuación, a moción o que plantexa e que, obviamente se non o poden facer os técnicos municipais, se encargue un proxecto para concretar unha solución que entre outras cousas podería incluír o estudio de integrar no trazado unha pequena rotonda, pero que como é obvio a moción deixa aberto a esa concreción do estudio do proxecto cal é a solución, tendo en conta que as circunstancias cambiaron e cambiaron dende ese proxecto, porque agora a vía é de titularidade municipal, xa non é de titularidade da Xunta de Galicia, e... a nós nos parece que é importante que poidamos saber o alcance, non só de cal é a solución, senón tamén o alcance económico de cal podería ser esa solución e que polo tanto este debe de ser o camiño, elaborar ese informe que poida concretar cal é a mellor solución e a partir de aí, bueno pois xa entraríamos en unha nova fase que sería a de execución, que non estamos agora debatendo, agora estamos debatendo que se elabore ese informe para que concrete esa solución.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Bueno, acabado, finalizado o punto pasamos a... á votación, votos a favor, en contra, abstencións.

4.- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN SOBRE A CONTINUACIÓN COS TRABALLOS PARA A OBTENCIÓN DOS BENS E TERREOS NECESARIOS PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIAL NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada pola voceira do Grupo Municipal de EU-SON EN COMÚN sobre a continuación cos traballos para a obtención dos bens e terreos necesarios para mellorar a seguridade vial na rúa Curros Enríquez, e o Concello Pleno, por 4 votos a favor (3 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG) e 8 votos en contra (5 PP, 3 PSOE, acorda rexeitar a devandita moción.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (Que traducido di): Bueno, pasamos ao punto cuarto, moción da voceira do Grupo Municipal de EU-SON EN COMÚN, sobre a continuación cos traballos para a obtención dos bens e terreos necesarios para mellorar a seguridade vial na Rúa Curros Enríquez, ten a palabra a poñente da moción.

Sra. Díaz Otero: Bueno, pois supoño que o resultado vai a ser o mesmo, pero de todas formas vamos a intentar explicar cal é o contido da moción e porqué se trae aquí. Empezouse a actuar en esa, en esa zona con un primeiro proxecto que é o aparcadoiro nas inmediacións de Loyola, que ademais cubre tamén un tramo de seguridade vial de esa rúa, tamén que fai pouco pasou a titularidade municipal co goberno anterior, da Xesteira, onde tamén se inclúen diferentes actividades, actuacións perdón, para mellorar esa seguridade vial. O igual que a anterior, non só é unha demanda da comunidade educativa que vimos consello escolar municipal tras consello escolar municipal, senón que é unha demanda tamén da veciñanza, de poder mellorar esa seguridade vial nunha vía que cada vez ten máis tráfico. En agosto do ano 2019 presentábase o traballo contratado que era un levantamento topográfico in situ para delimitar e encaixar con eses 12 metros que marca o Plan Xeral para o vial, e de acordo xa coas condicionantes actuais tales eran o espazo, os metros cadrados necesarios do parcelario para poder levar a cabo ese vial de 12 metros con esas beirarrúas. Creemos que este... este traballo hai que continualo, e polo tanto deberíamos de, ao noso entender, pasar a dar os pasos necesarios para a obtención dos bens e os terreos necesarios para mellora da seguridade vial en Curros Enríquez, o que completaría a actuación que foi iniciada, así non só con este traballo, senón como dixen antes co aparcadoiro de Santa Lucía e esas melloras da seguridade vial na Rúa da Xesteira.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Bueno pois abrimos un turno de intervencións. Palabras? Primeiro turno: só José Angel. José Angel.

Sr. Martínez Bardanca (Que traducido di): Bueno pois nós ao igual que pasa coa anterior, creo que aquí fálase de proxectos, de cuestións que xa están feitas, eu, nós estivemos no goberno nesa época na que está falando a voceira e non temos coñecemento de..., de que houbese... que estivese isto proxectado, tampouco non o vimos en ningún tipo de comisión, si sabemos que os grupos presentan as súas propostas nas comisións para que se realicen as obras que crean oportunas ou convenientes, e esta claro, non a vira, non tiña coñecemento, si que efectivamente é un problema de seguridade vial, igual que no caso anterior, que entendemos que se ten que tomar coas medidas necesarias, pero xa lle digo sin... sen que non haxa un proxecto que veña pola comisión ou que teñamos un contacto previo para saber do que estamos falando nós non imos votar a favor de este tipo de... de este tipo de mocións.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Bueno esgotado este primeiro turno, se algún grupo pide un segundo turno, si, Partido Popular pide un segundo turno. Abrimos un segundo turno. Palabras para o segundo turno? Miguel só.

Sr. Mahía Prados: Si, grazas Alcalde, bueno e...como ben di na exposición de motivos, a Xunta de Goberno Local celebrada o 6 de xuño do ano 2019 adxudica o servizo de redacción de estudo da aliñación e parcelación da rúa Curros Enríquez, e dicir, vostede adxudicou o

servizo de redacción despois das eleccións municipais e antes da constitución do... do Pleno da Corporación, de novo aí apurando os tempos e intentando facer as cousas sen que os demais o souberan. Vostede fala dun desenrolo de sección viaria de 12 metros de ancho que é o que figura no PXOM, é certo que figura no PXOM, igual que é certo que hai numerosas vivendas en esa zona que están fora de ordenación precisamente por querer aplicar ese, por a situación do PXOM, que é algo que este goberno actualmente se encontra xa resolvendo o contrato coa empresa adxudicataria da redacción do Plan para abordar a nova redacción, entón facer esta clase de medidas cando.... como... un PXOM do ano 99 cando estamos necesitados dun instrumento legal e urbanístico para facer Mugardos do ano 2030, por exemplo, e... pensamos que é algo polo menos temerario, porque vostede no acordo fala de continuar cos traballos de obtención de bens e terreos necesarios, oia mire, vostede desde que é oposición e eu fago un seguimento todas as mocións que presenta, é de incremento de gasto, quere comprar, quere expropiar e.... quere meter cartos por todos os sitios, de feito falaba o outro día de que había que abrir a taxa da escola infantil, na.. na última comisión sen ter tan sequera un estudio económico para saber cal vai ser o impacto que vai levar nos orzamentos municipais, a min aí ao lado da cadeira que ten vostede cando estaba eu na oposición, recordo unha frase que lle dixen que foi que vostede era unha terrorista financeira co que estaba facendo coas contas do Concello, e na oposición segue sendo a mesma, sra. Díaz, presentar esta clase de medidas, que son de impacto económico grave para o Concello, cando levamos pagado 1.700.000 €. en facturas, cando tiñamos unha débeda de 300.000 €. co Concello de Ares, cando debemos ao persoal do grupo de Emerxencias máis de 100.000 €. en horas extras, oia mire, vostede na oposición, obviamente só faltaría poder propoñer, obviamente para mellorar Mugardos porque o fin e o cabo todos os que estamos aquí é a intención que temos, mellorar a nosa vila, pero rogaríalle que cando nunha moción quere facer unha inversión, así como di o propio regulamento orgánico municipal, que di que ten que ser a compañía de informe de intervención que avalíe ese gasto e ese tipo de inversións e non vén, e... rogaríalle que antes de facer esta serie de inversións, que son inversións potentes para o noso Concello e que non estamos en contra delas, vaia por diante, pero creemos que hai que actuar con un pouco de sentidiño, que non se pode facer esta clase de peticións que quedan moi ben en notas de prensa e en estados de facebook, pero que afectan á estabilidade de este Concello, porque recórdolle que coa súa xestión temos que aprobar un Plan Económico Financeiro por non cumprir nin a regra de gasto nin tampouco cumprir á estabilidade, entón esta... eu pido sentidiño a hora de presentar tamén as mocións, pero sobre todo un pouco de conciencia da situación económica na que estaba este Concello, que este goberno, cunha pandemia de por medio, está intentando solucionar á maior brevidade posible para non deberlle ningún duro a ninguén, nin a provedores, nin a Administracións, e non vamos empezar a facer agora proxectos faraónicos, como vostede lle chama a esta clase de actuacións e... para endebedar ao Concello en proxectos que igual teñen máis problemas que... que puntos a favor, agora mesmo nesta situación, porque quero recordarlle tamén que temos pendente de pagar unha certificación de 170.000 €. polas obras do pavillón, que deixou vostede tamén aí un... un regalo bonito e entón facer esta clase de mocións, insisto, como alguén que leva a área de Facenda e que leva varios meses intentando corrixir esta situación co apoio do... do seu equipo e das traballadoras municipais e dos traballadores, e así como das forzas e grupos que votades a favor dos RECS e que votades a favor de normalizar esta situación, pídlle por favor prudencia e sentidiño a hora de facer as propostas.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Si, bueno, antes de, antes de que peche a poñente, bueno eu pediríalle ao portavoz do PP que non entremos en terminoloxía de terrorismo financeiro nin cousas de este tipo, porque eu creo que imos a levar un debate, podemos levar un debate acalorado, pero non chegar a unhas descualificacións así, creo que non, enturban un pouco o debate positivo e construtivo e que pode defender cada grupo coas súas consideracións. Pilar...

Sra. Díaz Otero (Que traducido di): Bueno eu quero agradecer a intervención do Alcalde, non sei se estamos en Cayetana Alvarez de Toledo ou Casado ou Maroto e Feijóo, non sei, si se divide os papeis o Partido Popular.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Teño marca propia, Sra. Díaz, gracias.

Sra. Díaz Otero (Que traducido di): En todo caso, en todo caso, a marca propia do Alcalde tivo referencia, pero a min gustaríame que o retirara da acta do Pleno e que o portavoz do Partido Popular se retracte das súas declaracións e que o Alcalde complete o seu estilo propio pedíndolle que se retracte e que o retire da acta. Díxeno na anterior, creo que... espero a resposta do Alcalde cando acabe a miña intervención, díxeno na anterior moción, creo que se está plantexando un debate en construtivo, antes levounos o REC, agora lévanos a ruptura da estabilidade e da regra de gasto que lle recordo que tal e como di o informe da interventora está fundamentado na inversión de eses 400.000,00 €. da remanente que o Partido Popular votou a favor nese Pleno, recórdollo, e ademais creo que naquel propio Pleno recordoullo algún grupo municipal, pero creo que non é obxecto de esta moción e que podemos seguir falando das contas e dos pagos pendentes, as certificacións que están sen pagar, a documentación que se está pedindo agora a maiores, dos expedientes de fai máis de oito meses, cos expedientes do ARRU e podemos seguir e tamén podemos seguir coas inversións que fixo o Concello ou que vai facer en outras actividades que lícitamente organiza como coas por valor de case 5.000,00 €. para o 8 de marzo, pero creo que iso non é o debate, e a min gustaríame centrarme na moción. e... creo que o que se solicita na moción, e así é, o acordo a continuar cos traballos para a obtención dos bens e terreos necesarios para mellorar a seguridade vial en Curros Enriquez, iso non implica que a obtención dos terreos e os bens, porque o traballo non está completo, se vaia executar este ano? Pois posiblemente non, posiblemente non e nin sequera polos prazos legais, pero tamén é obvio que a obtención dos bens e terreos necesarios pódese facer por cesión dos propios propietarios, se así se establece unha comunicación entre eles e polo tanto unha comunicación que xa foi establecida no seu momento, tendo bastante boa acollida e que polo tanto, ao mellor, non é necesario nin a compra ou a expropiación dos mesmos, en todo caso, o coste polo menos da obtención dos terreos, dado que temos un instrumento legal, que é o Plan Xeral do ano 1999, porque parece obvio que o urbanismo neste Concello non vai quedar absolutamente parado e así se seguen tramitando licencias, estudos de detalle como o das Barcias que quedou previamente, practicamente a expensas do informe do Secretario e da arquitecta e do informe de Aviación Civil, que vostedes mandaron ao DOGA a publicar que saíu publicado o 15 de maio, por... polo que vos felicitamos por acoller o traballo que se había feito anteriormente e polo tanto o que plantexamos é que se siga con estes traballos, que non se abandone e que valoremos canto é a contía económica, pero que tamén valoremos a obtención dos bens e terreos necesarios por a cesión por parte dos veciños e non pola compra dos terreos, é unha moción que invita a arranxar eses problemas de seguridade vial que temos buscando a

fórmula necesaria e que ademais non pon un prazo de tres meses nin de un mes para a súa execución como adoitaba facer o Partido Popular cando estaba na oposición. Esa é a nosa oferta con ese traballo que se deixou aí redactado e que cremos que non debe quedar no caixón polo ben, non só dos cidadáns de Curros Enriquez, senón tamén para dar resposta a esa situación que veu plantexando anos tras anos no Consello Municipal Escolar o Colexio Loyola e moitos dos veciños alí presentes.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Bueno, antes de considerar eu creo que o voceiro do Partido Popular non ten ningunha, ningún inconveniente en retirar o termo terrorista financeiro da acta do Pleno.... polo tanto retírase do Pleno, en todo caso, non abuse tampouco do estilo de este Alcalde, Sra. Díaz, porque en todo caso e... non quero entrar en consideración, pero entrou vostede bastante en consideración, entón vamos a intentar que entre todos centremos o debate nos puntos importantes que xa hai bastante traballo por facer. En todo caso, cerrado unha vez o..., o tema pola poñente da moción pasamos entón a votar a mesma, votos a favor, en contra.

5.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DE ORZAMENTO DO EXERCICIO DO 2019.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Bueno, pasamos ao punto quinto que é dar conta da liquidación de orzamento do exercicio do 2019.

O Pleno da Corporación dáse por informado da Liquidación de Orzamento do exercicio do 2019, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 266/2020, de 11.03.2020.

6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM.: 272/2020, 279/2020, 281/2020, 370/2020, 374/2020 E 395/2020.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Pasamos ao punto sexto, dar conta das resolucións da alcaldía números 272/2020, 279/2020, 281/2020, 370/2020, 374/2020 e 395/2020.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

- **Resolución da alcaldía núm. 272/2020, de 13.03.2020**, sobre modificación da data de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.
- **Resolución da alcaldía núm. 279/2020, de 16.03.2020**, sobre as medidas a adoptar polo Covid-19.
- **Resolución da alcaldía núm. 281/2020, de 16.03.2020**, sobre a avocación das competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.
- **Resolución da alcaldía núm. 370/2020, de 05.05.2020**, sobre a reanudación da actividade dos órganos colexiados municipais.

- **Resolución da alcaldía núm. 374/2020, de 06.05.2020**, sobre a restitución das atribucións na Xunta de Goberno Local.
- **Resolución da alcaldía núm. 395/2020, de 14.05.2020**, sobre a delegación de competencias nos membros da Corporación Municipal.

7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA, PERSOAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM.: 174/2020 Á 407/2020, AMBAS INCLUSIVE.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Pasamos ao punto sétimo, dar conta das resolucións ditadas pola alcaldía e polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións núms. 174/2020 á 407/2020, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións núms. 174/2020 á 407/2020, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, dende o anterior pleno ordinario.

DECLARACIÓNS DE URXENCIA

Sr. Alcalde (Que traducido di): Bueno, antes de pasar a rogos e preguntas vamos a presentar por urxencia varias cuestións que son relevantes para o funcionamento do Concello, que son tres cuestións puntuais.

A.- ADHESIÓN AO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA, PROMOVIDO POLA UNIÓN EUROPEA.

Sr. Alcalde (Que traducido di): A primeira é a Adhesión de Pacto de Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea, que conleva poder acceder a... a varias solicitudes de subvencións que cremos moi importantes para o desenrolo de... do clima, e obviamente para mellorar nas actuacións ante o cambio climático deste Concello, polo tanto cremos que para chegar a esas subvencións que se están agora sacando é imperativo chegar en prazo, e de non facelo pois poderíamos chegar tarde a estas cuestións, polo tanto bueno, esta é unha primeira cuestión.

B.- PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MUGARDOS, APROBACIÓN INICIAL E EXPOSICIÓN PÚBLICA.

Sr. Alcalde (Que traducido di): A segunda é relativa a... ao Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Mugardos, aprobación inicial e exposición pública, e como xa se explicou na comisión correspondente, pois implica

pois ante a posibilidade de incendios forestais, que se poña un instrumento validado polo Distrito Forestal, pola Xunta de Galicia, para a loita dos incendios forestais urbanos e forestais, como di a palabra, polo tanto consideramos que dado que é o verán e se bota o tempo en contra, é inminente que poidamos ter un instrumento para ordenar todas esas franxas, para evitar eses incendios.

C.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 338/2020 SOBRE “PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+2020”: SUBSANACIÓN DE DIFICIENCIAS”.

Sr. Alcalde (Que traducido di): E por último tamén traemos a Ratificación da resolución da alcaldía 338/2020 sobre o asunto do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal, Plan Único dos concellos POS+ 2020, subsanación de deficiencias, para que poida seguir o trámite ordinario e non dilatalo máis no tempo.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Vamos a pasar a votar a urxencia de cada unha delas:

A.- ADHESIÓN AO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA, PROMOVIDO POLA UNIÓN EUROPEA.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Empezamos votando a urxencia da Adhesión do pacto dos alcaldes para o clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea. Votos a favor da urxencia, vale, acadado maioría absoluta, pasa a orde do día.

Logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA**:

Por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido no artigo 57.2 do Regulamento Orgánico Municipal, declarar de urxencia o asunto: “**ADHESIÓN AO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA, PROMOVIDO POLA UNIÓN EUROPEA.**” incluílo na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 8.

B.- PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MUGARDOS, APROBACIÓN INICIAL E EXPOSICIÓN PÚBLICA.

Sr. Alcalde (Que traducido di): O seguinte punto é o Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais do Concello de Mugardos, aprobación inicial e exposición pública, igualmente votamos a urxencia: votos a favor da urxencia. Apróbase, levar tamén á orde do día.

Logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA**:

Por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido no artigo 57.2 do Regulamento Orgánico Municipal, declarar de urxencia o asunto: **“PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MUGARDOS, APROBACIÓN INICIAL E EXPOSICIÓN PÚBLICA..”** incluílo na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 9

C.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 338/2020 SOBRE “PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+2020”: SUBSANACIÓN DE DIFICIENCIAS”.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Por último a Ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 338/2020 sobre o Asunto do Plan Provincial de Obras e Servizos de Competencia Municipal. Subsanación de deficiencias. Votos a favor da urxencia,

Logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

Por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido no artigo 57.2 do Regulamento Orgánico Municipal, declarar de urxencia o asunto: **“RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 338/2020 SOBRE “PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+2020”:** incluílo na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 10.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Votados os tres documentos e aprobada a urxencia en todos, vamos a proceder a cada un deles.

8.- ADHESIÓN AO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA, PROMOVIDO POLA UNIÓN EUROPEA.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Empezamos coa Adhesión do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, aprobado pola comisión correspondente. Ábrese un turno de palabras. Se non hai palabras, xa vén ditaminado pola comisión, xa vén falado da comisión, en todo caso pasamos a votar, votos a favor, unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo Alcalde en data 27.05.2020, e o ditame da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente, na sesión extraordinaria de data 26.05.2020, obrante no expediente, por unanimidade, acorda prestar aprobación á citada Adhesión, e en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1º.- A Adhesión do Concello de Mugardos ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

2º.- Facultar ao sr. Alcalde-presidente, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, a representar ao Concello de Mugar dos na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.

9.- PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MUGARDOS, APROBACIÓN INICIAL E EXPOSICIÓN PÚBLICA.

Tras deliberación, sométese a votación o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os incendios forestais do Concello de Mugar dos, aprobación inicial e exposición pública, e o Concello Pleno, por unanimidade, tendo en conta a proposta formulada polo Alcalde en data 27.05.2020 e o ditame da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente, na sesión extraordinaria de data 26.05.2020, obrante no expediente, acorda prestar aprobación ao citado plan, e en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais do Concello de Mugar dos, tal e como figura no texto obrante expediente.

2º.- Expoñer ao público o expediente polo prazo de vinte días hábiles mediante anuncio no taboleiro de edictos do concello e no BOP, a fin de que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (Que traducido di): Pasamos agora ao Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais. Palabras? Bueno, si, algún máis quere falar? Pilar.

Sra. Díaz Otero: Bueno, vamos a manter o voto da comisión, non ten nada que ver coa aclaración do voto, o que si queremos solicitar e a ver si como agora entra en fase de exposición, unha vez que se firmou esa adhesión ao acordo no ano 2018 e que no ano 2019 por fin contestaron favorablemente, dado que Mugar dos non era un dos concellos que estaba especialmente en risco de incendio forestal, creo que vai a ser un instrumento moi positivo, unha vez que marque as faixas secundarias e tamén para manter en bo estado as fincas que se atopan nesas faixas secundarias sen poderlle dar unha saída que o Concello tiña moi complicado sen este instrumento. E a petición é que, bueno, dado que hai bastantes mapas que refiren ás parcelas, non só o Anexo I que contén as parcelas, non sei se a cada grupo, pero polo menos ao grupo municipal para que poida informar aos veciños neste tempo de exposición que vaia ter, que se nos poida pasar unha copia en cd do que son os planos para que poidamos ter un plan o mellor posible, coas aportacións non só que poidan facer os grupos municipais, senón tamén os veciños e que ademais se van a ver afectados nas súas parcelas pola inclusión das faixas secundarias.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Si, por suposto este goberno ten entre as súas prioridades total transparencia cos documentos que se levan a Pleno e os que non se levan tamén, polo tanto, non só ao grupo de EU, senón se pasará unha copia a todos os grupos municipais da Corporación. Bueno, pasamos a votar, votos a favor, vale.

10.-RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 338/2020 SOBRE “PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+2020”: SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS”.

Tras deliberación, sométese a votación a Ratificación da resolución da alcaldía núm. 338/2020, sobre “Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único dos Concellos) “POS+2020”: subsanación de deficiencias, e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente, na sesión extraordinaria realizada en data 26.05.2020, relativo ao asunto arriba citado, por 11 votos a favor (5 PP, 3 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e 1 abstención (1 BNG), acorda prestar aprobación ao citado asunto, e en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1º.- Ratificar a resolución da alcaldía nº 338/2020, do 17.04.2020, relativo ao asunto arriba epigrafiado.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (Que traducido di): Vale, pois ó último punto é a Rectificación da Resolución da Alcaldía 338/2020 sobre a Subsanación de deficiencias do POS 2020. Algo sobre... Palabras? Si Pilar?

Sra. Díaz Otero: Bueno, igual que no anterior, vamos a... a manter, vamos a manter o voto favorable, tal e como se explicaba na comisión, foi.. fora un erro en canto a inclusión de diferentes facturas, un erro normal que pasou en anos anteriores, pasa este ano e pasará probablemente nos vindeiros anos. Bueno, este non é o primeiro requirimento que fai Deputación en canto ao POS, pero o abeiro de estar subsanando esta deficiencia en canto ao POS e con ese ánimo de transparencia e información, si que nos resulta sorprendente que en ningunha das dúas comisións informativas de obras, creo, senón que me equivoque, se pasou a debate o POS1 adicional que, bueno, que dedica 23.581,28 €. para gastos por Covid-2019 e o POS2 adicional que a parte dedicarse a gasto corrente, pode ser tamén invertido en inversión non prevista no Plan Complementario por valor de 88.429,79 €, e se non hai unha rectificación posterior por parte de Deputación que nosoutros descoñezamos, o prazo de presentación é ata o 29 de maio, entón e... bueno, pois si que nos chama un pouco a atención que veña esta subsanación de erros e que non se dera conta da posibilidade de... ou de o que se vai incorporar polo menos no POS2 adicional, independentemente de que a súa solicitude poida ser realizada por resolución de alcaldía en ese carácter de transparencia e participación dos grupos

municipais. O noso voto, como xa dixen, vai a ser igual que na comisión e vamos a votar a favor da subsanación das deficiencias.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Ben, si si, abrimos un segundo turno, queres falar Gemino?

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, eu simplemente dicir que votamos a favor da urxencia, como penso que non podía ser de outra maneira, pero o certo e que vamos a manter tamén o voto que manifestamos na comisión que é o voto da abstención, porque nós non votamos a favor este POS e entón entendemos que por coherencia hoxe na votación imos abstermos.

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, dúas aclaracións, referente aos gastos dos que se falou por parte de EU e dos 23.000 €. para gasto corrente e dos 88.000 €. restantes para... para o POS, os 23.000 €. dos que se fala de gasto corrente é específico da partida 23 de Benestar e encargouse un... un informe á traballadora social, para que a traballadora social indique que é o gasto..., que gasto subvencionable entra nese aspecto para garantir que se cubran eses 23.000 €. e vai ser, porque... integramente destinado a Benestar Social. Todavía non se deu a coñecer porque aínda non está resolto, quedan aínda dous días, entre mañá e pasado firmárase a resolución e farase a achega, e referente aos 88.000 €. restantes hai de prazo ata o 29 de xuño, así que o asunto pasará por... pola comisión pertinente, porque obviamente tamén ten que pasar por Pleno.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Bueno, pois e... xa me perdín, teño que recoñecelo, temos que votar, non, me parece, pois votamos entón, votos a favor, abstencións...

Sr. Alcalde (Que traducido di): Antes de, bueno non hai preguntas presentadas, pero en todo caso si puidera haber algún rogo, antes del, despísteime eu ao principio do Pleno, quería propoñer a Corporación un minuto de silencio pois polas vítimas do Covid en España, que foron numerosas e bueno esa recomendación tamén a fai a propia Fegamp nos actos que se vaian a celebrar, e eu bueno, despísteime pois ao principio do Pleno, pero pido desculpas, pero eu creo que bueno sería un bo xesto cara os nosos veciños e cara as familias das vítimas que o Pleno de Mugarodos faga 1 minuto de silencio, polo tanto pois facemos 1 minuto de silencio. ...
Moitas gracias.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Continuamos coa sesión, pasamos a... aos rogos, se algún concelleiro ou concelleira tivera algún rogo que facer...

Sr. Varela Filgueiras: Eu teño tan só un rogo e é se me podía explicar así por encima, en que... en que consiste a obra que se está a realizar na rúa San Telmo, porque entendo que si, aínda que falei co concelleiro de obras, entendo que si é unha obra que se está a realizar para solucionar os problemas que suceden no Cano da Rúa e na Rúa Pexigo, obras que por certo

antes de realizar esta obra nova non sucedían e o que vamos a facer e desviar a auga para a Rúa Real e... que por certo, xa tiña algún problema de inundacións de vez en cando, entón quixera saber se.... que se me explicara así un pouco por encima a obra e se hai algún proxecto de esta obra.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Bueno, a ver, de todas as maneiras, nada, non quero ser agoreiro con esta cuestión pero iso está formulado como pregunta e... estamos como rogos, senón é un rogo, pois é unha petición, unha consideración, unha inxerencia en canto a unha xestión, pero as preguntas son preguntas e os rogos son rogos.

Sr. Varela Filgueiras:(Non audible)

Sr. Alcalde (Que traducido di): Non home, a ver, a cuestión non é que nós non contestemos, nós estamos encantados en contestar, pero en todo caso, eu creo que dado que a contestación conleva unha explicación máis ampla sería bo que na vindeira comisión se explique pormenorizadamente para darche a ti unha contestación que mereces, moito máis ampla, do que vamos a contestar aquí, se che parece e....

Sr. Varela Filgueiras: Vale..

Sr. Alcalde (Que traducido di): Vale, pois moitas grazias.

Sr. Alcalde (Que traducido di): E... quen había pedido?...si, Lola por favor.

Sra. González Lorenzo: Boa tarde a todos e a todas, vexo que vos molesta a mascarilla, pero as que levamos dúas todo o día non nos molesta nada, así que...

Sr. Alcalde (Que traducido di): Supoño.

Sra. González Lorenzo: Imos empezar, pois eu traio aquí uns rogos que tamén son rogos de inversión, pero de inversión nas persoas, todos son de inversión nas persoas. Son uns rogos de accesibilidade para determinados servizos e actividades que debido a crise sanitaria do coronavirus e a posterior crise económica que nos vén enriba pois van ser moi necesarios, e xa foron expostos nalgún sitio, na comisión de seguimento do 16 de abril do Covid que a exención de cotas aos colectivos vulnerables están contemplados no Decreto, para que poidan participar nas actividades culturais e deportivas, tanto para matricula coma mensualidades para o que queda de ano do 2020. Nesa mesma comisión de seguimento da pandemia pedimos e reiteramos que a Escola Infantil Municipal estea exenta de... perdón, que o espazo infantil de xogo deste verán que se lle busque unha fórmula para que poidan participar todos os cativos e cativas de colectivos vulnerables, que volvo a dicir, que están marcados polo decreto, entón supoño que se poderán identificar e xustificar. E na comisión de Facenda, cando se retomou a normalidade, que foi o 21 de maio, propuxemos... porque ese mesmo día ademais abriuse a matricula da Escola Infantil Municipal por segunda vez, vamos, que se derroque esa ordenanza fiscal, a ordenanza fiscal núm. 13 e que se pase a gratuidade da Escola Infantil como centro educativo e como centro de conciliación, porque tamén temos claro que vai ser moi necesaria

para que a xente poida traballar, ou mal traballar porque sabemos como son os contratos despois das crises, e poder ter os nenos atendidos. E por último algo que xa dixéramos, toda vez que vemos que na Escola Unitaria do Seixo pechouse, e a Consellería de Educación non abre a posibilidade de volver a matricular nenos no tramo de 3 a 6 nesta escola, que se reconverta nunha nova escola infantil de 0 a 3 anos, que ademais asentaría poboación no rural, algo que por certo, se está escoitando todo o día do Sr. Feixóo, de que hai que sentar poboación no rural, axudaría moito ter unha escola infantil aí, no tramo de 0 a 6 e ademais axudaría, porque dadas as medidas da crise sanitaria e a continuidade de estas medidas van esixir novos espazos, máis separación entre nenos, non van ter cabida todos os que tiñan agora nos espazos que ata o de agora tíñamos, entón por iso digo que son rogos de inversión, pero nas persoas.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Si, bueno, e... en primeiro lugar, bueno, o resto de cuestións expóranse nas respectivas comisións, eu simplemente comentarlle referente a isto... a este último tema da Escola Unitaria do Seixo, que púxenme en contacto coa Consellería..., coa Conselleira de Benestar Social da Xunta de Galicia para estudar a posibilidade de unha ampliación da escola infantil existente para, efectivamente, poder aunar eses espazos, aumentar eses espazos, aumentar os servizos que se prestan e xerar novos espazos para que sexan mellor conciliables os espazos cos nenos máis separados e cos nenos, bueno... espazos para os profesionais que traballan alí.. profesionais que traballan alí, e que teñan unha escola infantil moito máis completa e que teña uns servizos moito máis completos dos que existen, polo tanto estamos a espera de esa contestación referente a esa cuestión e en canto se analice por parte da Consellería esta cuestión pois analizaremos outras posibilidades que poidan xurdir se non temos a sorte de que a Xunta o faga, e polo tanto, haberá que esperar a outras cuestións, pero en todo caso se informa nas comisións pertinentes cando isto suceda. Bueno, o resto eu creo que se pode contestar perfectamente nas vindeiras comisións, abordarase un pouco máis, con maior normas pormenorizadas cada unha das propostas que se están a facer aquí.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Tes un rogo? A...

Sra. Díaz Otero (Que traducido di): Bueno, non ten que ver con unha orde de execución, de medidas de seguridade na Avenida de Galicia, pero bueno hai outras moi similares tamén na Avenida de O Seixo e... é verdade que se lle dá unha prórroga de un mes, estou falando da Rúa María, nº 4, a que ten bloqueada a beirarrúa da avenida de Galicia e que... bueno, o que rogamos é que non se esgote o prazo do mes que en todo caso, non haxa prórroga porque, bueno, como todo o mundo coñece en ese tramos e tamén e outros da avenida de O Seixo, as persoas teñen que circular e... directamente polo carril ante a inexistencia de beirarrúa no outro marxe do vial, entón si é verdade que en outras zonas pois ao mellor a molestia pois é menor, en este caso tanto na avenida coa rúa María nº 4, na avenida de Galicia como nas que están no Seixo, as molestias e o risco para os peóns si que son elevadas, porque están cortados os únicos tramos da beirarrúa existentes, entón na medida do posible, bueno, pois que se resolva antes do prazo de este mes que está na resolución 368 e que en todo caso non sexa prorrogable, porque nos vamos a meter no verán e polo tanto eu creo que o caos pode ser moito peor, ese sería o noso... o noso rogo e despois temos un rogo novo e é que, xa o plantexamos tamén en varias... en varias comisións, tanto de seguimento da pandemia, como en algúns outros espazos e é que se habilite o mecanismo, dado que non houbo ningunha modificación de... da taxa para

a devolución da taxa correspondente ao lixo, que se abra un período de solicitude para os que estiveron en cese de actividade obrigada e... como non houbo unha modificación previa e... o que si, entendemos nós, e entenden outros concellos, que abrindo un prazo poden solicitar a devolución da taxa de lixo durante o tempo no que tiveron que cesar a actividade obrigatoriamente polos diferentes decretos, hai exemplos en concellos de Galicia que xa foron publicados, que xa abriron ese prazo fai algún tempo, e dado que non se fixo a modificación naquel momento para introducir a posibilidade de novo cobro si que teñen esa opción de que coa apertura dun prazo por parte do Concello se lles faga esa... esa devolución, polo tanto solicitamos se estudie, pero ao mesmo tempo xa o volvemos a reiterar e rogamos unha vez máis que non se demore as modificacións das taxas para eximir de pago durante o mes..., durante o ano 2020 aos colectivos vulnerables marcados nos decretos da Administración, así como as pemes autónomas, ao igual que rogamos novamente a derogación da parte correspondente as terrazas que hai na... na taxa correspondente, anque non se utilizara nestes últimos anos, e que se lle de unha cobertura legal, a pesar de non haber ordenanza física de terrazas, as terrazas que se van a instalar e a ocupación do espazo.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Bueno, vamos a abordar pouquiño a pouco o amplo rogo que nos realizaches. En primeiro lugar, en canto as vallas das beirarrúas, poido coincidir con vostede en varias cuestións e que, efectivamente hai vallas que molestan o tránsito de persoas, é certo, pero en todo caso, as vallas que se puxeron non van sobre o criterio do Concelleiro de Urbanismo, van sobre un criterio técnico, das propias técnicas de urbanismo que dixeron como había que facer e reformular a execución por... lóxicamente por un perigo de caída, e polo tanto, eu o que fixen foi executar os informes técnicos das propias técnicas, polo tanto reformularei, en todo caso, esta cuestión que me plantexaba vostede, para que poida, en todo caso, ver se hai algunha posibilidade de reformulala ou de facer outra, algunha outra medida que poida supoñer pois o que me está vostede pedindo, en todo caso, eu tamén aproveito para recordarlle que durante moitos meses as vallas do Zárate ocuparon unha parte importante de esa beirarrúa, e... recorda verdade? Entón, bueno, obviamente vostede púxoas porque tiña un requirimento dos técnicos, quero pensar que non era por capricho, de todas as maneiras vostede entende perfectamente que hai un problema, intentaremos darlle unha solución, pero como sabe vostede, non sempre se pode facer todo o que un quere. Referente a... á taxa de lixo que está comentando aquí, vostede sabe perfectamente cando expón esta cuestión, que onde se está facendo estas cuestións, en moitos dos concellos, xa teñen as súas propias ordenanzas, esas posibilidades de exencións, ou como mínimo ten a posibilidade de acollerse porque teñen nas súas fórmulas normativas dentro das súas propias ordenanzas esa propia exención en casos de forza maior, obviamente non é o caso de Mugar dos, vostede sabe que non é así e usou ben ao seu favor esa cuestión, que sabe perfectamente que non se pode eximir unha taxa, porque vostede, recorde, cobrou unha taxa da auga no ano 2015 aludindo precisamente a ese mesmo argumento, en todo caso, bueno, eu utilizo o mesmo argumento que vostede, legalmente eu non poido retrotraer unha ordenanza para facela de carácter retroactivo, en todo caso, sabe vostede perfectamente que tampouco se pode facer a normativa con forma retroactiva ou ad hoc para determinadas cuestións, polo tanto, o que nós plantexamos en moitas ocasións e igual que a Concelleira de Benestar, é retomar esas cuestións sobre a xente vulnerable para que poidan ter moitas máis bonificacións en moitas cuestións, por certo, iso fixémoslo tamén sendo oposición, solicitamos en numerosas ocasións que os tramos de bonificación foran maiores e vostedes se

encargaron de eliminar todas esas bonificacións que agora nos esixen que volvamos a retomar, en todo caso, é por unha pandemia? Si, pero a pandemia non vén máis que acentuar o que xa existía, que eran problemas da xente e que non pode pagar as cousas, porque ben porque teña un detrimento dos seus ingresos, ou ben porque teña unha crise económica como a que houbo aquí, por certo no ano 2008 e 2009 e 2007 que tamén había xente nunha posición moi vulnerable e que aínda así as taxas non se bonificaron, en todo caso, vamos a estudar con detalle cada unha das cuestións que nos plantexaron vostedes como é a nosa obriga, e non vamos a pasar por encima de ningunha delas e buscaremos todas as solucións que poidan intentar abordar todas estas cuestións que nos plantexaron, pois porque obviamente os veciños están por encima de... por encima de calquera outra determinación, polo tanto eu agradézolle os rogos que realizaron, buscaremos solucións a todo o plantexado e agradézolle o ton construtivo da sesión.

Sr. Alcalde (Que traducido di): Sen outra cuestión, levantamos a sesión.

E sendo as vinte horas e vinte e cinco minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE